

ANUNCIO DE LICITACIÓN

De conformidade co Acordo alcanzado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 9.1.2017, por medio do presente anuncio se efectúa convocatoria do procedemento aberto para a adxudicación do contrato do Servizo de Inmovilización, Retirada, Traslado de Vehículos na Vía Pública, Depósito e Custodia dos mesmos do Concello de Monforte de Lemos.

1. ENTIDADE ADXUDICADORA

- a. Organismo: Concello de Monforte de Lemos.
- b. Dependencia tramitadora: Secretaría-Servizo de Contratación.
- c. Número de expediente: 055-SERVPA16

2. OBXECTO DO CONTRATO

- a. Descrición do obxecto: Servizo de Inmovilización, Retirada, Traslado de Vehículos na Vía Pública, Depósito e Custodia dos mesmos.
- b. División por lotes: Non
- c. Duración: 2 ano
- e. Admisibilidade de prórrogas: Sí, ata un máximo de 4 anos.
- f. CPV: 50118110-9.

3. TRAMITACIÓN, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN

- a. Tramitación: Ordinaria.
- b. Procedemento: Aberto.

4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

- a. Orzamento base de licitación: 40.030,43 euros/anuais (IVE incluído).
- b. Valor estimado do contrato: 132.332,00 euros.

5. GARANTÍA DEFINITIVA

- a. Contía: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. OBTENCIÓN DE DOCUMENTACIÓN E INFORMACIÓN

- a. Perfil do contratante: www.concellodemonforte.com
- b. Entidade: Concello de Monforte de Lemos.
- c. Enderezo: Campo de San Antonio, s/n -27400-Monforte de Lemos (Lugo).
- d. Teléfono: 982.402.501 (Ext.-260-262).

7. PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

- a. Data límite de presentación: 15 DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte o da publicación deste anuncio no BOP.
- b. Documentación a presentar: A sinalada na cláusula 14ª do Prego de cláusulas administrativas particulares .
- c. Lugar e forma de presentación: As proposicións presentaranse no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Monforte de Lemos sito no Campo de Santo Antonio s/n, na localidade de Monforte de Lemos, CP. 27400 (LUGO), en horario de 9.00 a 14.00 horas. Se o último día de prazo finaliza en sábado ou festivo entenderase prorrogado ao inmediato hábil seguinte.

Cando as proposicións se envien por correo, o interesado deberá xustificar a data e hora de imposición do envío da oficina de correos que non poderá ser

posterior ás 14:00 horas do último día sinalado para presentar ofertas, e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax no mesmo día (núm. 982.40.48.12) ou telegrama no que se consigne o título completo do contrato e o nome do licitador. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación, con posterioridade á data e hora de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días naturais seguintes á indicada data sen recibirse a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

8. **APERTURA DE OFERTAS**

a. Segundo o establecido na cláusula 17ª Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a licitación.

9. **CRITERIO DE ADXUDICIÓN**

a. Prezo: ata 90 puntos.

b. Antigüidade do vehículo grúa: ata 10 puntos.

10. **GASTOS DE ANUNCIOS**

a. Serán pola conta do licitador que resulte adxudicatario até o límite máximo de 600,00.-€.

Monforte de Lemos, 9 de xaneiro de 2017.- O Alcalde, José Tomé Roca.

